

REUNIÓN DE PRINCIPIO DE CURSO – EDUCACIÓN INFANTIL

Estimadas Familias:

Xa iniciado este novo curso escolar, poñémonos en contacto con Vdes. para comunicarlles que o vindeiro **xoves, 4 de outubro**, celebrárase a **1ª REUNIÓN DE CICLO E TITORES COAS FAMILIAS DOS ALUMNOS E ALUMNAS DE EDUCACIÓN INFANTIL**. Será ás **18.00** h. no **Salón de Actos** do Colexio.

A finalidade deste primeiro encontro é dobre: primeira, **coñecer** unha parte importante da comunidade educativa, que inflúe na vida dos educandos; segunda, **compartir** cos titores correspondentes os obxectivos de cada curso así como as preguntas que Vdes. teñan sobre os mesmos.

Pedímoslles que fagan o esforzo de asistir e participar nesta reunión, pois son claves á hora de perseguir un **obxectivo común**: a **realización plena** como persoas **dos seus fillos e nosos alumnos**. Sabemos que non é doado encontrar unha hora favorable para a reunión, pero tamén sabemos que un esforzo ao trimestre ben vale a pena.

Sen máis e agardando a súa presenza, reciban un cordial saúdo.

A DIRECCIÓN